

MEMORIA XUSTIFICATIVA DEL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL IGUALDADE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DIRIXIDAS A POBOACIÓN XITANA DURANTE O EXERCICIO 2024 NO MARCO DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO XITANO DO MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES, CONSUMO Y AGENDA 2030.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto da Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece a competencia da Xunta de Galicia na planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia, mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais.

Por outra banda a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións e subscribir, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais e consecuentemente a atención das minorías étnicas, conforme ao Decreto 139/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A Fundación Secretariado Gitano é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza fundacional, recoñecida e inscrita no Rexistro de Fundacións de competencia estatal por resolución do 28.12.2001 co número de rexistro 630, , recoñecida e inscrita así



mesmo no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co núm. E-1729.

A Fundación Secretariado Gitano ten entre as súas funcións a promoción integral da poboación xitana dende o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións tendentes a facilitar o acceso das persoas xitanas aos servizos e recursos sociais en igualdade de condicións que o resto da cidadanía

O colectivo xitano sofre de xeito especial a exclusión residencial que se manifesta de diferentes maneiras, desde a máis extrema e grave, que é estar en situación de rúa ou sen vivenda, ata outras algo menos graves pero que poden derivar na anterior, como é o feito de residir nunha vivenda insegura ou inadecuada.

De xeito concreto, en Galicia estímase que un total de 3.024 persoas residen nunha vivenda inadecuada, das cales 2.191 persoas o fan en infravivenda e outras 833 persoas en chabolas. Por provincias, a máis afectada é a de Pontevedra, que rexistraría o 52% dos casos, seguida da Coruña (21,4%) e Ourense (20,44%), e en menor medida, na provincia de Lugo, que acumula un 6% das persoas nesta situación. Se nos referimos concretamente a chabolismo, este está máis presente nas provincias de Pontevedra e Ourense: oito de cada dez chabolas que hai en Galicia están localizadas nestas dúas provincias (un 46% e un 33%, respectivamente).

Nos últimos oito anos, e en boa medida grazas as actuacións promovidas polas diferentes administracións públicas -especialmente local- nunha parte dos barrios onde se localizan infravivendas ou chabolas, o número de chabolas en Galicia reduciuse preto dun 17%, pero quedan aínda moitas persoas nesta situación, a meirande parte delas son de etnia xitana.

Precisamente o Estudo "Mapa de Vivenda e Poboación Xitana, 2015" publicado no ano 2016 polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, sinalaba que, a pesar dos avances rexistrados na situación residencial da poboación xitana en Galicia, aínda é preciso melloralas, sobre todo no relativo á calidade da vivenda, á redución da segregación e ás condicións da súa contorna. Os indicadores sobre a situación da poboación xitana en España revelan desigualdades ou desvantaxes respecto da poboación xeral. Pero no caso da poboación xitana en Galicia estas desigualdades révelanse tamén en comparación co conxunto da poboación xitana en España. Así, no



ano 2015 en Galicia, o 29,54% do total de vivendas con poboación xitana eran infravivenda, e o 14% chabolas. Os datos a nivel estatal eran do 8,3% e do 2,17%, respectivamente. Ademais, un 8,6% dos barrios onde se ubicaban as vivendas con poboación xitana en Galicia eran asentamentos segregados (2,9% no conxunto de España).

Aínda que non existen datos máis recentes sobre esta materia en concreto, distintos axentes sociais poñen de manifesto a vixencia da problemática descrita no estudo de 2015. Así por exemplo, na Estrategia Nacional para la Igualdad, Inclusión y Participación del Pueblo Gitano 2021-2030, aprobada en novembro de 2021, establécese como un dos obxectivos o de erradicar o chabolismo e a infravivenda, afirmando neste documento que “a crise xerada pola pandemia da COVID-19 provocou retrocesos e un recrudecemento da situación da poboación xitana na vivenda, especialmente nas persoas que aínda viven en infravivendas ou asentamentos”. Así mesmo a Valedora do Pobo ten manifestado a súa preocupación polo fenómeno do chabolismo en Galicia no seu informe anual de 2021, reiterando a necesidade de avanzar na súa erradicación en diferentes escritos remitidos á administración autonómica nos anos 2022 e 2023.

Polo tanto, para unha parte importante da poboación xitana dispor dunha vivenda digna é un obxectivo aínda lonxe de acadar. A Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2024-2030, comprende obxectivos en materia de inclusión residencial da poboación xitana aliñados cos obxectivos da Estratexia Nacional para a Igualdade, Inclusión e Participación do Pobo Xitano 2021-2030.

Identifícanse, polo tanto, áreas de mellora nas que deben intentar incidir desde as Administracións públicas en colaboración coas entidades de iniciativa social, caracterizadas por exercer unha intervención directa e áxil coas persoas máis vulnerables.

A Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Secretariado Gitano coinciden en que esta situación, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da inclusión residencial para unha completa integración social.

A Fundación Secretariado Gitano, entidade de natureza fundacional, recoñecida e inscrita no Rexistro de Fundacións de competencia estatal por resolución do 28.12.2001 co número de rexistro 630, é unha entidade de natureza social sen ánimo



de lucro, recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co núm. E-1729. A Fundación Secretariado Gitano ten entre as súas funcións a promoción integral da poboación xitana dende o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións tendentes a facilitar o acceso das persoas xitanas aos servizos e recursos sociais en igualdade de condicións que o resto da cidadanía. A Fundación Secretariado Gitano presta os seus servizos en toda España e no ámbito europeo. En Galicia esta entidade dispón dunha importante solvencia técnica avalada por unha traxectoria de décadas no traballo coa poboación xitana galega. Goza de implantación de ámbito autonómico, e conta con sedes nas sete cidades galegas de maior tamaño e unha estrutura de persoal e recursos acorde a iso, sendo a única entidade de ámbito autonómico que desenvolve actuacións especificamente dirixidas á poboación xitana. Por outra banda, cabe destacar que, ademais de desenvolver programas de intervención directa con persoas a Fundación Secretariado Xitano ten realizado investigacións e estudos de interese sobre a situación da poboación xitana. Conta, polo tanto, cun coñecemento rigoroso e actualizado da realidade desta comunidade. Non existe outra entidade nesta comunidade autónoma que traballe co colectivo xitano prestándolle a atención profesional que esixe nun ámbito territorial tan extenso.

Ambas partes conveñen a necesidade de establecer un proxecto de actuación cara a atenuar a situación de exclusión residencial que sofre de xeito especial a comunidade xitana en Galicia.

O Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030 cofinancia o denominado Plan de Desarrollo Gitano, cuxo orzamento foi aprobado en sesión extraordinaria o 16/05/2025 mediante correo electrónico, e que ten como obxectivo atender as necesidades das persoas xitanas máis desfavorecidas e promover o desenvolvemento da poboación xitana. Este plan desenvólvense en proxectos de intervención social integral para atención, prevención da marxinación e inserción do Pobo Xitano, e poden ser promovidos polas comunidades autónomas. Entre os criterios de selección dos proxectos se establece a coordinación e participación das asociacións e organizacións de carácter privado sen animo de lucro implicadas neles.



Tendo en conta todo isto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera necesaria a realización de actuacións dirixidas a revertir a situación de exclusión residencial mediante a financiación dun convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano.

O convenio versará na execución dun proxecto de intervención social dirixido a poboación xitana para mellorar a situación de exclusión residencial e seu acceso a vivenda das persoas que sofren esta situación e forman parte da comunidade xitana en Galicia. Desenvolverase nas catro provincias de Galicia con especial incidencia nas sete grandes cidades e con intervención nos concellos pequenos onde reside poboación xitana.

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de oitenta e tres mil trescentos trinta e catro euros (83.334,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.313C.481.6 da Lei 9/2023, de 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, dos cales cincuenta mil euros (50.000 €), son aportados polo Ministerio de Asuntos Sociais, Consumo e Agenda 2030, e a contía restante, trinta e tres mil trescentos trinta e catro euros (33.334 €), con fondos propios da Consellería de Política Social e Igualdade, cubrindo estes importes a totalidade do coste total do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que desenvolvan as actividades do proxecto obxecto de subvención, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento das actuacións subvencionadas a través deste convenio.

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular, reside, como xa se sinalou, na circunstancia de non existir outra entidade nesta comunidade autónoma que traballe con este colectivo en todo o territorio, ofrecéndolles unha atención profesional. Neste senso sinalar que, por un lado, a Consellería de Política Social e Igualdade considera que a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interese



social e humanitario en consonancia co establecido pola Lei de Subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior.

O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionables a través do presente convenio que realizase a Fundación Secretariado Gitano dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

O período de xustificación de gastos comprenderá dende 1 de xaneiro ata 15 de decembro de 2025.

No lugar e data da sinatura dixital,

O director xeral de Inclusión Social
Arturo Parrado Puento

